

## TRESCENTOS DOCE

«O sorriso e o mellor medicamento para a alma». Odia as cuncas con mensaxe. Tamén odia a sacarina. Gústalle a sutil resistencia dos grans de azucre aos movementos circulares da culleriña. A sacarina non planta batalla. Desaparece tras un estalido efervescente. E é amarga. E canceríxena. Poida que isto sexa un rumor falso. Coma o dos móbiles e os microondas. Coma o de que o Actímel prexudica as túas defensas. Ou o de que á margarina só lle falta unha molécula para ser plástico.

—Non, grazas. Prefiro o azucre.

Esta frase pronúnciaa todos os días. E todos os días Diana ofrécelle o bote branco e azul. Rebeca colle o azucre no armario. Bota dúas culleradas dentro da súa cunca gris e comeza a revolver lentamente o café. Diana charla mentres pulsa o dosificador da sacarina cun certo movemento. Ao instante dúas erupcións convulsionan a superficie do seu café. Despois nada. A calma. A calma, dentro e fóra desa cunca branca con letras rosas. Ata dentro dun cuarto de hora non chegarán os demáis. Diana e ela son as únicas que chegan antes das oito. Claro que por distintas razóns. Diana solicitou a flexibilidade horaria, porque ten dous xemelgos. Rebeca madruga porque non

pode durmir. Gústalle aparcar sen abafos. Evitar os atascos. Antes, Rebeca adoitaba almorzar soa no *office* de Recursos Humanos. Durante vinte minutos saboreaba o seu café negro e contemplaba o espertar da cidade dende o piso trinta e seis do rañaceos. Pero iso era antes. Antes dos xemelgos, da flexibilidade horaria, das reflexións diurnas sobre a sacarina e o azucre.

Rebeca volve ao seu agora e contempla a Diana, que fala sen cesar, case sen deterse a tomar aire. Diana sorrí. Sorrí constantemente. O sorriso é o mellor medicamento para a alma. Rebeca dalle un sorbo ao seu café. Diana fala e fala.

—Olivia sigue a voltas coas moas. Toda a noite sen que lle baixe a febre de trinca e nove. Lin nun libro que é normal. Por se acaso pedín cita no pediatra. Pero díxenlle ao meu home que a leve el. Hoxe non irnos dar abasto con todo o papelorio. Trescentas doce baixas. É de tolos, Rebeca. Non sei que faría se non estiveses ti para botarme unha man. Non. Hoxe leva el a Olivia ao médico, coma que me chamo Diana. Os tíos cren que só traballan eles! Menos mal que David non tivo febre. Claro que empezou moito máis tarde coa dentición. Parece mentira que sexan xemelgos. É tan pequeniiiio! Xa che contei que pesou case catrocentos gramos menos ca ela cando naceu? Ti cres que

debería deixala na casa ou é mellor que a leve ao pediatra? As nais novatas somos unhas pesadas. Quizáis debería agardar un par de días. Lin un estudo da universidade de Harvard que di que é mellor agardar, pero a moza do meu curmán, que é enfermeira en Santander, di que non. Non sei se che falei deles. David e María. Casan para o mes. Presentouma hai uns días. Ao neno púxenlle David por el, porque cando eramos nenos...

O ruído da sirena é agudo e repentino. O piloto de emerxencia empeza a latexar sobre a porta.

Diana comeza a gritar e solta a súa cunca. Rebeca abre a porta do *office*. Sae ao corredor. Está deserto. O ruído da sirena é atronador. Retrocede sobre os seus pasos e volve entrar no *office*. Pecha a porta e pasa o fecho. Diana continúa a gritar. Os seus berros confúndense coa sirena. Rebeca está paralizada. Observa a mancha de café que cobreguea sobre o chan da estancia. A cunca segue enteira. As luces vermellas continúan a palpitar.

—Cala.

A voz de Rebeca e firme e non admite réplica.

—Que?

—Que cales. Escóíame ben: non sabemos que pasa e non imos sábelo ata que consigamos falar co exterior.

Diana rompe a chorar.

—Igal é un simulacro.

Ou lume. Ou un bromista. Ou un atentado terrorista. Rebeca xa repasou todas as opcións. Sabe que os simulacros se anuncian, e fanse cando hai xente na oficina.

—Si, seguramente é un simulacro. Tes aquí o teu móbil?

—No meu despacho.

No seu despacho. Merda. No seu puto despacho. Rebeca non ten móbil. Non o necesita. Non ten amigos. O día as redes sociais. Pero, Diana? Diana leva oito meses ensinándolle fotos de Olivia e de David acotío. Os xemelgos no baño, no parque de bolas, no sen primeiro día de gardería, no seu bautizo. Non se despega do seu iPhone con carcasa rosa e brillantes de Swarovski. No seu despacho. Por un instante, Rebeca cre que ela tamén comezará a gritar. Colle aire. Saca o fecho. A sirena segue a soar. O despacho de Diana esta só seis portas máis aló. Sen pensalo bota a correr. Entra no despacho e colle o bolso de Diana. Sae a toda velocidade e decátase de que o ascensor está a funcionar. Está no piso vinte e un.

Vinte.

Dezanove.

Dezaoito.

Dezasate.

Hai algo hipnótico nesa conta atrás. Rebeca permanece paralizada observando os números vermellos sobre a porta do ascensor. Cando a sirena se detén, Rebeca recupera a consciencia e bota a correr.

Entra no *office*. Pasa o fecho e apaga a luz.

—Que pasa?

—Chsssssss... Desbloquean.

A Diana trémelle as mans. Coloca o seu índice sobre o móbil e a pantalla ilumínase ao instante amosando a imaxe de dous bebés louros. Rebeca marca o número de Seguridade. Comunica. Marca o número do seu xefe. Non colle ninguén. A esta hora xa deberían de estar todos no edificio. Marca o 112. Explícalle á operadora que están illadas no piso trinta e seis do Edificio Gutenberg.

Pásanlle cun policía. Intenta concentrarse no que di. As verbas parecen deslizarse a cámara lenta. Non deben perder a calma. Aínda non saben que está a suceder. Hai fume na entrada. Un atentado. Quizáis un suicida. As cámaras detectaron un home armado dentro do edificio. Hai polo menos dous mortos. Deben buscar un lugar seguro e ocultarse.

Ocultarse. Rebeca so pode pensar niso. Ocultarse. Diana dá un berro.

—Por que? —grita.

Maldita estúpida. Tresncentos doce despedimentos. Tresncentas doce baixas que tramitar en Recursos Humanos. Maldita estúpida. Rebeca está a piques de explicarllo, pero só pode pensar en ocultarse. En nada máis. Diana comeza a xemer, baixiño.

Rebeca estende a man e tápalle a boca.

«Cala dunha puta vez! Van nos matar. Nese ascensor que baixa, pronto subirá un tío moi enfadado. Un tío que se cargou ao xefe no aparcadoiro. E posiblemente ao garda de seguridade tamén. Este tío vai voar a porta e vainos matar porque hoxe imos mandalo á lista do paro. Porque ninguén nesa lista ten menos de cincuenta anos, e con máis de cincuenta, xa non se atopa traballo. Porque todos sabemos que este ERE é de mentira. Porque se non calas, abrirei a ventá e xúroche por Deus que eu mesma te vou guindar por ela». Todo iso quería dicirlle.

«Cala, Di. Gustadle que te chame Di, verdade? Oes, Di, cala, por favor. Se calas e nos metemos debaixo da mesa, ese home pasará por diante desa porta sen deterse. Nunhas horas estarás cos teus xemelgos. David e Olivia necesitan unha mamá. Ti es a

mellor mamá. Sábelo. Cala. Cala por eles, Di». Todo iso é o que en realidade lle acaba dicindo.

Rebeca non aparta a man da boca de Diana. Non se fía dela. Coa man libre saca a blusa. Obriga a Diana a agacharse. Como pode, limpa a mancha de café. Recolle a cunca. Logo diríxese á porta e saca o fecho. Déixaa entreaberta, apenas uns centímetros.

Diana comeza de novo a berrar. Apertalle a boca máis forte.

—Chssssssss! Se ve a porta pechada saberá que estamos dentro.

Obríga a baixarse. Empurran cara á mesa onde adoitan comer. Acóchanse debaixo. Apenas caben as dúas. Mete tamén o bolso de Diana e a súa maldita cunca. Colocan diante unhas cadeiras. Dende a súa posición só se ven tres baldosas.

Rebeca pecha os ollos. Sabe que cando os abra, sobre esas baldosas brancas haberá uns zapatos. Unhas zapatillas deportivas. Unhas botas de *trekking*. Quen sabe. Aperta máis forte a boca de Diana. Aínda que agora non sería necesario. Deixou de chorar. Treme. Rebeca abre os ollos en canto sente vibrar o móbil de Diana no seu peto. Apresúrase a apágalo. Pasa o seu brazo sobre ela e volve pechar os ollos. Trescentos doce despedimentos. Quizáis coñecen ao home que sobe nese

ascensor. Onte prepararon toda a documentación. Trescentos doce. Douscentos catro homes e cento oito mulleres. A policía dixo que era un home.

O ruído da porta cóllea por sorpresa. Abre os ollos e ve uns pantalóns vaqueiros e uns zapatos negros. De cordóns. Diana segue a tremer. Aperta a súa boca con máis forza e por un instante pensa que lle gustaría sacar a man da súa cara. Merece que a escoiten chorar. Merece que lle metan a puta bala entre os ollos. Porque para ela, esa xente de aí fóra só é papelorio. A razón pola que non pode ir ao pediatra. Merece que alguén a cale dunha vez. Porque é tan estúpida que non sabe calar. Non sabe que ela non quere a maldita sacarina. Porque non sabe nada de nada. Só sabe falar e falar. E sorrir.

Os zapatos negros dan un xiro de corenta e cinco graos. Agora están en fronte delas. Un segundo. Dous. Tres. Outro xiro. Agora comezará a andar, pensa Rebeca. Efectivamente, os zapatos diríxense cara á porta. E Diana apertalle o brazo, mentres deixa escapar un suspiro silencioso. Rebeca sente ganas de darlle unha labazada. Esa idiota non é quen de decatarse de que están vivas grazas a ela. E, se continúan vivas ao día seguinte. Diana dedicárase a contar unha e outra vez como sobreviviron.

Contarao no ximnasio. Na gardería. No supermercado. E nunca recoñecerá que a súa estupidez case as mata.

Rebeca sabe o que lle espera. Oito meses, oito anos, de mañás compartidas, de fotos de Olivia e David. Os xemelgos no entroido vestidos de coelliños. O seu primeiro día no colexio. A súa comuñón. A súa puberdade. Vesc a si mesma rexeitando a sacarina durante dez ou vinte anos. Ata que un día, o seu xefe ou outro xefe igual de fillo de puta que este, decida que deberán pasar a unha lista de trescentos doce nomes.

Rebeca senté que entende ao home que está enriba deses zapatos. De seguro leva vinte anos aguantando a un imbécil na cadea de montaxe. Pensa que eses zapatos negros merecen unha satisfacción. Roubáronlle o seu traballo. O seu medio de vida. E xa postos, ela tamén merece unha satisfacción. Porque lle roubaron a visión dun amencer dende o piso trinta e seis. E éntranlle ganas de chorar. De rir. O sorriso é o medicamento da alma.

Comeza a rir. As gargalladas. Os zapatos vírame bruscamente e diríxense cara á mesa. Rebeca dalle unha patada á cadeira. O campo de visión amplíase de xeito brusco e é invadido polo canon da pistola.

É entón cando ambas, totalmente sincronizadas, comezan a berrar.

Arantza Portabales, *Historias de mentes*, Bululú, A Coruña, 2020.